

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN - TICS

GRUPO 3: COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN

MESA: TICs


RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1 Posicionar as TIC como un elemento transversal e fundamental para contribuír a dar resposta ás distintas prioridades do Plan Estratégico Galego 2030: Demografía, medio ambiente e cambio climático, cohesión social e territorial e competitividade e innovación**
- 2 Asegurar que Galicia dispoña das persoas coa formación dixital necesaria para dar resposta á transformación dixital como protagonistas absolutos do cambio e, en particular, a través de:**
 - 2.1 Aumentar a oferta de profesionais das TIC a través dunha estratexia que axude a aumentar a capacitación, a retención e a atracción do talento
 - 2.2 Estimular o talento precoz no campo das TIC e fomentar o atractivo vocacional das profesións científico-tecnolóxicas entre a poboación máis moza
 - 2.3 Fomentar as habilidades dixitais básicas de todos os profesionais para abordar a modernización tecnolóxica dos postos de traballo convencionais
 - 2.4 Promover que a cidadanía teña as habilidades necesarias para desenvolverse plenamente na contorna dixital na súa vida privada.
- 3 Promover a especialización tecnolóxica, como un factor necesario e imprescindible para competir nunha contorna dixital, centrándose en:**
 - 3.1 Asegurar que Galicia conte non só coas infraestruturas de comunicación adecuadas, senón tamén as infraestruturas de computo, almacenamento e seguridade necesarias para competir na economía dixital
 - 3.2 Promover o desenvolvemento e a adopción de solucións baseadas en novas tendencias dixitais disruptivas en liña co marco europeo: 5 G, intelixencia artificial, supercomputación, big data, ciberseguridade, etc
 - 3.3 Asegurar a conectividade dixital de alta calidade para: transformar os modelos de transporte e enerxía, mellorar a xestión estratéxica dos sectores produtivos, aumentar a inmediatez no acceso á información ao consumidor,
 - 3.4 Promover un clima de confianza que respecte os estándares éticos e de privacidade, asegurando que o uso de tecnoloxías emerxentes se desenvolva e aplique dentro dun marco legal apropiado
 - 3.5 Reducir as barreiras para a creación de empresas de base tecnolóxica e a posta en marcha de testbed's que aceleren as probas piloto de solucións dixitais innovadoras

- 3.6 Promover o sector das TIC como sector en si mesmo, que máis aló da prestación de servizos aos sectores tradicionais de Galicia, ten amplas oportunidades de explotación
- 3.7 Aproveitar o posicionamento de sectores tractores en Galicia (p.e. Biotecnoloxía, automoción, turismo, AA.PP., etc.).
- 4 Fomentar a demanda de solucións dixitais que permitan a transformación dixital dos sectores público e privado como base para fomentar a competitividade e o crecemento, promovendo accións para:**
 - 4.1 Sensibilizar, difundir e formar ao tecido empresarial galego sobre as oportunidades que ofrece a transformación dixital: impulsar a competitividade do sector comercial galego a través das novas tendencias tecnolóxicas; promover o aproveitamento dos datos como nova materia prima para afondar na orientación ao consumidor, fomentar a implantación de tecnoloxías relacionadas coa fábrica do futuro e o concepto Industria 4.0 en empresas galegas, mellorar o coñecemento das necesidades reais das empresas para a identificación de iniciativas de apoio á transformación dixital.
 - 4.2 Aumentar a colaboración intra e inter-administrativa para promover niveis homoxéneos de madurez dixital na esfera pública, mediante o intercambio de solucións e o establecemento de estándares
 - 4.3 Promover alianzas e instrumentos que promovan a aliñación entre a oferta e a demanda de solucións dixitais doutros sectores.
 - 4.4 Mellorar dixitalmente os servizos públicos: abordar o reto do envellecemento activo mediante solucións innovadoras para a prevención e a xestión da patoloxía crónica, e reforzar a produtividade e a eficiencia para garantir a sostibilidade do sistema; favorecer a xestión e preservación do patrimonio na nova sociedade dixital; promover a difusión do patrimonio e a produción cultural e turística, incluíndo a lingua galega; promover no alumnado as competencias e habilidades que demanda a sociedade dixital para que poidan desenvolverse plenamente tanto no ámbito persoal como profesional.
 - 4.5 Mellorar o coñecemento no eido do cambio climático recompilando de forma continua fluxos de información para extraer coñecemento intelixente.
- 5 Asegurar a aliñación estratéxica dos desafíos e necesidades do campo das TIC co establecido no proceso de reflexión da futura Estratexia Dixital de Galicia 2030 e a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia**
- 6 Contribuír ao desenvolvemento dos proxectos definidos para a planificación, ordenación e xestión territorial intelixente: Novos poboadores rurais, prestación de servizos no medio rural, posta en valor dos recursos endóxenos e rurais, ...**

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D 1 O uso das TIC polas persoas é inferior ao total nacional, condicionado pola estrutura poboacional. Tamén o é o ritmo na incorporación da sociedade galega á Sociedade da Información, ,	A 1 Irrupción nos mercados mundiais de novos países emerxentes que asimilan con rapidez as novas tecnoloxías.	F.1O uso das TIC entre a poboación de 10 a 15 anos similar ao nacional.	O.1 Uso de software de código aberto..
D 2 Fenda dixital respecto á media nacional e europea en equipamentos TIC en fogares.	A 2 Perda de competitividade ante a non adaptación das empresas ás TIC nunha contorna globalizada.	F.2 Elevada penetración da telefonía móbil, o 99% da poboación dispón de cobertura 4G.	O.2 Desenvolvemento das TIC para a procura de novas vías de comercialización dos produtos desde e cara ao medio rural.
D.3 Un 30% dos usuarios de internet manifestan problemas de seguridade.	A 3 Mantemento da fenda dixital entre zonas con distinto grao de urbanización, especialmente en zonas rurais, e entre a poboación de maior idade.	F.3 Está previsto que 1,4 millóns de galegos/as poidan acceder a redes de nova xeración de ata 200 Mbps. Extensión da cobertura de internet ao medio rural.	O.3 Oportunidade de ofrecer máis servizos ás poboacións dos pequenos municipios e zonas con poboación dispersa.
D.4 Menores habilidades dixitais no uso de internet ou software con respecto á media nacional.	A 4 Falta de confianza no uso das novas tecnoloxías por parte dalgúns colectivos da cidadanía	F.4 A gran maioría das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as dispón de computadores e Internet de banda larga, situación que non difire de España ou a UE no seu conxunto.	O.4 Desenvolvemento de novos produtos e servizos TIC, en especial nas tecnoloxías móbiles, comercio electrónico e unha maior demanda das TIC.
D.5 Uso do comercio electrónico por parte das persoas inferior á media nacional.	A.5 A proporción de persoas maiores crece máis rapidamente que calquera outro grupo de idade, afectando á economía con demandas crecentes para resolver problemas de sostibilidade e inclusión social, entre outras.	F.5 Axenda dixital de Galicia 2030. Plan Galicia 5G.	O.5 Colaboración pública e público-privada que permita aforrar custes e aproveitar sinerxías no sector das novas tecnoloxías.
D 6 Baixa porcentaxe de vendas por comercio electrónico: en 2015 o 13,8% das empresas galegas de máis de 9 empregados/as que dispoñen na páxina web permiten recepción de pedidos ou reservas online.	A.6 A globalización dos mercados abre novas oportunidades de produción e investimento pero tamén ameaza a posición competitiva de cada rexión, forzando aos sectores produtivos a manterse constantemente á vangarda.	F.6 Aproximadamente 2 de cada 3 empresas TIC que realizaron actividades I+D+i (65,2%), obtivo resultados comercializables.	O.6 Potencial de mellora da produtividade e dos custes no tecido empresarial pola incorporación das TIC

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.7 Baixo porcentaxe de empresas que usan servizos na nube que ademais é inferior ao do conxunto do Estado.	A.7 A transformación dixital está cambiando profundamente o panorama empresarial, repercutindo na velocidade de adquisición das habilidades e competencias dixitais de todos os profesionais.	F.7 Maior crecemento que a media española e europea na utilización e contratación de internet por parte dos fogares.	O.7 Alto potencial da aplicación de novas tendencias dixitais
D.8 Pequena porcentaxe de empresas que empregan especialistas en TIC..	A.8 Os rápidos avances da innovación en tecnoloxías dixitais, tales como intelixencia artificial (IA), Internet das Cousas (IoT), robótica ou blockchain, traen consigo novos retos en relación ás cuestións xurídicas e éticas.	F.8 Galicia é pioneira en dispor dunha Axencia que unifica nunha dirección todos os recursos humanos, materiais e orzamentarios das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia.	O.8 Alto potencial de mellora de servizos públicos a través do uso da tecnoloxía dixital.
D.9 O peso do sector TIC é inferior ao 2% en termos de emprego ou de contribución ao PIB.		F.9 Forte compromiso coa transformación dixital en Galicia, materializada en dúas axendas dixitais, mobilizando máis de 3.000 millóns de euros de investimento público-privado	O.9 Estratexia europea do Mercado Único Dixital.
D.10 A pesar de que máis do 60% da poboación dispón de acceso a redes de 100 Mbps, esta porcentaxe é 20 puntos inferior á media nacional.		F.10 En elaboración a Estratexia Dixital de Galicia 2030 (EDG2030) que terá como obxectivo configurar a Galicia 5.0, aproveitando as tecnoloxías dixitais para contribuír ao desenvolvemento sostible da Comunidade	O.10 Fortalecer a seguridade dos servizos públicos en liña
D.11 Escasa cobertura da banda larga en municipios pouco poboados.		F.11 A EDG2030 sustentarse nunha rede de nodos de especialización tecnolóxica para facilitar aos axentes do ecosistema dixital a adquisición das capacidades máis avanzadas nas novas tendencias tecnolóxicas.	O.11 A transformación dixital é unha prioridade no novo marco de financiamento europeo 2021 – 2027.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.12 Fenda de xénero no uso de TIC, a pesar da redución dos últimos anos, diferenza de 1 punto porcentual nalgún indicador</p>		<p>F.12 En marcha o Plan DigiTalent para a promoción do talento dixital de Galicia impulsado en colaboración cos distintos axentes do ecosistema dixital.</p>	<p>O.12 A innovación dixital posiciónase como elemento tractor para a creación de emprego, dado que favorece a creación de novas empresas e axuda a preservar e reforzar os postos de traballo actuais.</p>
<p>D.13 Existencia dunha fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital para satisfacer as necesidades do mercado tecnolóxico a medio e longo prazo.</p>		<p>F.13  Posicionamento de sectores tractores (p.e. Biotecnoloxía, automoción, turismo, AA.PP., etc.).</p>	<p>O.13 Potencial do desenvolvemento e adopción de solucións baseadas en tecnoloxías disruptivas (5G, intelixencia artificial, supercomputación, big data, ciberseguridade, etc.).</p>
<p>D.14 Limitada sensibilización e visibilidade da oferta de solucións dixitais por parte do resto de sectores empresariais, especialmente entre as PEMEs e autónomos</p>			<p>O.14 Aumento da concienciación mundial para crear un planeta máis sostible, seguro e próspero para a humanidade “Obxectivo de Desenvolvemento Sostible”</p>
<p>D.15 Ampla dispersión poboacional e complexa orografía dificultan os despregamentos de redes de infraestruturas de redes de telecomunicación.</p>			